

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz, SECRETARIA XERAL DO ILMO. CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

**CERTIFICA:**

Que a Alcaldía, con data de 1 de decembro de 2022 , ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

---

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** CORRECCIÓN ERRO MATERIAL RES. 1560/2022 DE 29/11/2022. ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. D<sup>a</sup> MARÍA ESTRELLA LIÑARES LENS

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/001651

Por Resolución de Alcaldía do 29 de novembro de 2022 (1560/2022) adxudicouse un nicho no Cemiterio municipal a D.<sup>a</sup> María Estrella Liñares Lens.

Por un erro de transcripción, no parágrafo segundo da parte expositiva da citada Resolución identificouse erroneamente á interesada, e así establecíase que “*con data do 18 de agosto de 2022 (rex. entrada núm. 4197) presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D<sup>a</sup> María de los Ángeles Herrezuelo Ladevesa*”, cando debería dicir “*con data do 18 de agosto de 2022 (rex. entrada núm. 4197) presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D<sup>a</sup> María Estrella Liñares Lens*”.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que as “*Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”.

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no Decreto da Alcaldía do 29 de novembro de 2022 (res. 1560/2022), concretamente na identificación da interesada no expediente, tratándose dun erro que se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos que obran no mesmo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- Corrixir o erro material detectado no parágrafo segundo da parte expositiva da Resolución de Alcaldía 1560/2022, do 29 de novembro de 2022, ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e do artigo 53 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, quedando redactada a Resolución como se recolle no anexo ao presente.

**Segundo.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,  
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Díaz

**ANEXO**

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DE NICHU NO CEMITERIO MUNICIPAL. D<sup>a</sup> MARÍA ESTRELLA LIÑARES LENS

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/001633

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 5 de marzo de 2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data 18 de agosto de 2022 (rex. entrada núm 4197) presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D<sup>a</sup> María Estrella Liñares Lens.

Considerando que con data do 25 de agosto de 2022 (rex. saída núm 1993) se lle require para que subsane a citada solicitude, cuxa documentación estaba incompleta.

Considerando que o 20 de outubro de 2022 (rex. entrada núm 202299900002679) foi atendido debidamente pola interesada o requirimento de subsanación de documentación, formulouse o 3 de novembro de 2022 a proposta de adxudicación, requiríndolle á interesada para que procedera ao aboamento da tarifa correspondente.

Considerando que a citada proposta foi notificada á interesada con data 3 de novembro de 2022 (rex. saída núm. 2791), publicándose no taboleiro de anuncios do Concello o 14 de novembro de 2022 e na páxina web municipal o 18 de novembro de 2022.

Considerando que, dentro de prazo habilitado ao efecto, procedeuse ao ingreso da tarifa correspondente pola interesada, tal e como se acreditou mediante o xustificante de aboamento presentado no concello con data de 28 de novembro de 2022 (rex. entrada núm. 202299900003106).

Vista a proposta de asignación concreta de nichos de 29 de novembro de 2022.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 27 A do bloque 2 do cemiterio municipal do Concello de Teo, a D<sup>a</sup> María Estrella Liñares Lens, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da alcaldía de 15/03/2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

**Segundo.-** Requirir á adxudicataria para que, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente, acredite a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituírse en calquera das formas previstas no art. 96 TRLCSP. A estes efectos faise constar que, segundo a documentación que obra no expediente, o importe da garantía definitiva, por cada nicho adxudicado, ascende a 35,80 € (3% 1.193,21).

Dita acreditación deberá efectuarse mediante a presentación, no rexistro xeral do concello, do documento acreditativo de constitución da garantía definitiva.

**Terceiro.-** Notificar o presente á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle á adxudicataria que o incumprimento do requisito previsto na parágrafo anterior, por causas que lle sexan imputables, impedirá a formalización da concesión ao seu favor.”

---

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e praxe

O alcalde

Virginia Fraga Díaz

Rafael C. Sisto Edreira